

# Bases fundacionais do Partido Galego

## 1.- PIAR IDEOLÓXICO e ESTRATÉXICO

### OBXETIVO

Crear un partido que defenda os intereses de Galicia e a súa sociedade. Ter un proxecto rigoroso e diferenciador que se debe presentar nas eleccións municipais 2023 e autonómicas 2024, e que, ademais de rescatar o voto galeguista que agora está maioritariamente en poder do PP e en menor medida noutros partidos, atraia tamén a aqueles indecisos e tamén os votos dos que non soen participar.

### HIPÓTESE PARA BASE ESTRATÉXICA

- Dun total de **28% de “votantes galegos”**, considéranse entre máis galegos que españois (23,2%) ou so galegos (4,8%) (CIS xaneiro 2020).
- O nacionalismo representado maioritariamente polo BNG. (non contemplamos neste dato o galeguismo do votante oculto do PP-PSOE-Podemos) ten un abano de votantes (entre o 8% BNG so, e o 24% BNG+AGE), datos contrastados en todos os procesos electorais nos últimos 20 anos é dicir dende o ano 1997 incluídos os destas galegas'20 onde o BNG acadou o 23,80% sen poder identificar a % que correspondería ao sector soberanista do 3,93% da coalición de Podemos-EU-Anova.
- O galeguismo está representado a nivel sentimental (parte polos indicados anteriormente) e outra por electorado do PP-PSOE. O fenómeno electoral de AGE convertido posteriormente *En Marea* e que se diluíu nas Galegas'20 en varios proxectos e nomeadamente en *Galicia en Común* (marca galega de Podemos), tamén representa de forma fraudulenta unha parte do sentimento galeguista. **Estamos en coordenadas diferentes e en para rescatar o electorado galeguista que na actualidade captan todos estes proxectos políticos.**
- Hai un nicho de potenciais votantes galeguistas, que distan das posicións marxinais que ofrece o nacionalismo do BNG ou posición estatais que representan as forzas enunciadas no punto anterior, pero que de momento polas propias estratexias de incoherentes discursos e lanzados de forma permanente nos medios de comunicación e reforzados con promesas “trampa” nos Parlamentos levan a ter entre un 10-12% do electorado nacionalista-galeguista adherido a todas estas formacións, pero que realmente non o representan. **(non somos un sucedáneo do BNG nin os primos socialdemócratas de psoc-podemos).**

DIFERENZAS BASE	
BNG e outros perfil da esquerda galega	Partido Galego
Esquerda (radical ou intransigente)	Política de País baseada no sentimento galeguista
Ecoloxismo Radical	Medioambiente Sustentable
Nacionalismo excluín-te	galeguismo inclusivo
Soberanismo	Auto-goberno
Forte influencia do sindicalismo	Interclasismo. Cooperativas Autonomos e pequenas empresas
Relación capital-traballo entendido como conflito, Segundo unha dinámica propia de grandes empresas industriais	Colaboración e cooperación necesaria en empresas de autonomos e pequenoas empresas

# Bases fundacionais do Partido Galego

Construto propio, orbita o redor da súa idea	Galeguismo, orbita o redor da sociedade
Promove a cultura mirando ao pasado	Promover a cultura mirando ao futuro
Escepticismo europeo	Europeístas pola nacionalidade dos pobos
Políticas rupturistas	Políticas posibles e útiles
Independencia	Acadar o autogoberno
Defensa agresiva do idioma	Defensa firme e sedutora do idioma
Combativo	Pragmático

DIFERENZAS BASE	
PSOE	Partido Galego
O poder no reino de taifas das alcaldías	Organización pensada para gobernar, non só administrar
Indefinición a falta de proxecto fai q primen intereses individuais de personas q se visten como intereses locais	Debate entre diferentes por tanto acordos como consenso Nos q è difícil impor personalismos
Defensa de intereses de empresas con sede en Madrid. (Caso consellería medio ambiente durante concurso eólico no goberno bipartito)	Defensa da sociedade e sistema productivo do país
Partido mantido con recursos da sede estatal. Partido con directrices estatutarias en Madrid, polo tanto iniciativas condicionadas. “Quen paga o gaitero elixe a tonada”	Independencia económica é independencia política
Semella q o seu electorado se move segundo esquemas mentais centrados en temáticas estatais, en xeral madricense, con pouca ou nula conexión coa realidade do país agás cuestións locais encadradas en paradigmas españois	Electorado con proxecto vital centrado no país
Sen proxecto para o país	Proxecto de país

# Bases fundacionais do Partido Galego

DIFERENZAS BASE	
PP	Partido Galego
Centro dereita / populismo	Política de País baseada no sentimento galeguista
Medioambiente con moitas reservas	Medioambiente Sustentable
Galicia folclórica	sentimento arraigado do País. Galeguismo coherente
Competencias compartidas	Auto-goberno
Partido mantido con recursos da sede estatal. Partido con directrices estatutarias en Madrid, polo tanto iniciativas condicionadas.  "Quen paga o gaiteiro elixe a tonada"	Independencia económica é independencia política
Europeísmo de estados e submetido	Europeístas pola nacionalidade dos pobos
Políticas de escaparate	Políticas posibles e útiles
Monárquicos	Republicanos
Conservadores. Son como a xente e están coa xente. (é o que trasladan)	Galeguismo, orbita o redor da sociedade. (pendente desenmascarar a incoherencia do PP)
Promove a cultura no plano folclórico, permitindo filtracións tóxicas	Promover a cultura obxectivamente e mirando ao futuro
Aparente protección do idioma	Defensa firme e sedutora do idioma
Falso Pragmatismo chegando ao antagonismo	Pragmático, rigoroso e sincero

- Os tempos están mudando... Esta proposta pode non cadrar ao 100% coas ideas a nivel persoal, pero para mover o centro de gravidade cara a un **partido galego diferenciador e sólido** é a primeira pedra, e máis afín a un sentir moderado da sociedade galega máis plural e con respecto nas súas condutas.
- Hai unha realidade no plano governativo galego, que nos leva a reflexionar porqué o PP está gobernando a Xunta dende o ano das primeiras eleccións no 1981 ate o remate da lexislatura actual no 2023 agás 6 destes case 43 anos. Basicamente obedece a que **consequiron trasladar a imaxe** que ese é o partido que mellor se parece a Galicia.  
Chamativo é ver que o único partido que explota defender Galicia dentro de España sexa o PP sacándolle un rédito baseado na falsidade, que na práctica nin exercen tal defensa, nin son coherentes co que fan (debemos descubrilos para chegar deste xeito a unha parte do seu actual electorado que sinte Galicia e que se sinte galeguista)
- Relacións políticas no País e nas outras Nacións do Estado.  
As estratexias tanto dentro como fóra de Galicia deben estar marcadas pola coherencia ao que somos, a oportunidade do momento tendo en conta os obxectivos políticos para o noso País, a procura da estabilidade social e a gobernanza, a consolidación do proxecto a longo prazo usando os mellores parámetros de acerto na anticipación dos problemas, os acordos históricos como o GALEUSKA e a consolidación de relacións no marco europeo.

Unha das fortalezas deste partido, debe ser a capacidade de chegar a acordos a dereita e a esquerda da centralidade que representamos e a transversalidade na que actuamos. Utilizando o formato de "xeometría variable" permitirá que sobre todo no ámbito municipal, sexa posible acordos con diferentes organizacións políticas máis en base a un programa que a unha coalición de goberno, permitindo a necesaria gobernanza en situación de minorías que van ser máis comúns que as maiorías.

# Bases fundacionais do Partido Galego

## IDENTIFICACIÓN IDEOLÓXICA

Os termos de definición política **dereita-esquerda**, nacen na Francia de [1789](#), durante o inicio da revolución francesa.

O mundo cambiou moito nestes 230 anos, nin os poderes económicos se moven do mesmo xeito nin ritmo, os conflitos entre países mudaron para asentarse nas zonas pobres mantendo enfrontamentos armados e nas ricas enfrontamentos económicos, a industrialización, o poder dos medios de comunicación, os poderes ocultos das oligarquías farmacéuticas, armamentísticas, etc, a superpoboación mundial que está impulsando un problema migratorio de devastadoras consecuencias a curto prazo, o desequilibrio medioambiental co cambio climático como un reto inmediato, o auxe das sectas en detrimento das relixións clásicas, a liberdade totalmente controlada da comunicación por internet e telefonía, o cambio de estratexias comerciais derivadas da globalización, deslocalización das grandes produtoras do planeta, paraísos fiscais, novos retos virais, etc, etc.

En síntese, que a forma de resolver politicamente os problemas actuais ten pouco que ver coa forma de resolver os problemas do século XVIII.

É habitual que na sociedade contemporánea se teña como pensamento coherente e racional a defensa dos piares do benestar públicos (educación, sanidade, Servizos Sociais, renda básica universal e pensións), e esas mesmas persoas sexan practicantes relixiosas.

Igualmente unha parte da sociedade mantén de forma natural a idiosincrasia do País, e ao tempo non comparte as inxerencias de culturas foráneas.

A solidariedade da que tanta “bandeira” se fai, a hora da verdade todo mundo resolve primeiro as súas necesidades e iso leva ao discurso da protección como “primeiro nós, despois os que veñan”

A defensa e protección da cultura galega é un valor e actitude que abrangue a todo aquel que teña un sentimento de País ou o que nós chamamos **sentimento galeguista**. O feito de protexer a cultura é en si mesmo unha acción de conservar, por tanto podemos cualificar esta acción política de conservadora. O mesmo exemplo pasa no tecido produtivo do País, do medio ambiente, etc. Estes conceptos de conservación do noso que van totalmente vinculados a calquera política galeguista e nacionalista, abrangue a persoas que actualmente uns identifícanse progresistas e outros conservadores. Sen embargo o concepto de [conservador](#) está asociado a nivel político a conservar as formas antigas de gobernar, a réximes pouco democráticos, etc. un concepto deturpado pois na conversa común ser conservador ten un significado simple e literal.

Poderían poñerse mil exemplos das incoherencias actuais do que se denomina esquerda ou dereita onde unha persoa comparte facilmente o sentimento encontrado en moitos exemplos. Isto lévanos a utilizar un refrán moi do País, “a vaquiña polo que vale” e o mellor xeito para resolver a maioría dos problemas é o “sentido común” que é o menos común dos sentidos.


Pretendemos desenvolver un partido co perfil adecuado para chegar a maioría da sociedade, este debe situarse na **centralidade política** ou na chamada **transversalidade** e con capacidade para exercer acordos na **xeometría variable**.

Calquera identificación coa dereita ou coa esquerda lévanos a un desequilibrio, lévanos a unha limitación por tanto exclusión, e posiblemente nos leve a un engano.

Sintetización dos conceptos a ter en conta:

# Bases fundacionais do Partido Galego

- Galeguista – centralidade e transversalidade
- Demócrata - republicano
- Progresista - medioambiental
- Social - Liberal



MARCA e IDENTIDADE CORPORATIVA



# Bases fundacionais do Partido Galego

## Marca identitaria (ideas troncais).

Leva implícito o **galeguismo** (bandeira e nome “galego”), **ecoloxía** (cor verde, árbore, rede), **rural** (cor verde e árbore).

## Vantaxes do nome simple

A base principal de calquera reclamo propagandístico radica en conseguir co mínimo o máximo.

Todos os partidos políticos nados nos últimos 30 anos no Estado, que acadaron grupo parlamentario nos seus ámbitos territoriais, teñen unha característica común, *que carecen de apelido ideolóxico no nome propio*. Podemos, Cd's, Vox a nivel estatal. E en Galicia sáltase esa norma AGE, que por outra banda o “apelido” de Esquerdas non lle reportou practicamente nada, pois todo xirou entorno a persoa que o liderou, mentres esta estivo na política activa.

- ❖ Serán símbolos do partido a **bandeira de Galicia** actual creada a finais do [século XIX](#) polos [galeguistas](#) históricos do [Rexurdimento](#) e consolidada pola [Xeración Nós](#) como insignia nacional (fondo branco e franxa azul). O **himno galego** estará presente en todos os grandes actos nacionais e os considerados de solemnidade. A **música de partido** é o disco de autor Roi Casal “vai alborear”. Utilizaremos sempre que se prece a música da [Marcha Solemne do Antigo Reino de Galiza](#) por respecto a nosa cultura, tradición e historia de Galicia, do reinado fundado no 410 e que perdurou con altos e baixos ate o [1833](#).

## IDEAS PROGRAMÁTICAS

### AUTONOMÍA E AUTOGOBERNO

- Posta en valor das institucións e competencias para o autogoberno de Galicia.
- Vocación de relación bilateral con España, e poñendo o noso sempre por diante.
- Adquirir a competencia de todos os portos e aeroportos de Galicia por parte da Xunta.
- Conseguir a plena aplicación do Estatuto de Galicia, adaptado ao marco europeo.
- Desenvolver unha policía autonómica galega con todos os recursos e competencias dentro do ámbito do Estatuto de Autonomía de Galicia.

### ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO

- Promover e financiar o rural de cara a un futuro dinámico e moderno
- Apostar por un modelo en rede de organización do territorio (a través de lazos ou vínculos, non necesariamente relacionados ou unidos), valorar as parroquias e as comarcas.
- Organizar e especializar de maneira coherente e ordenada as áreas metropolitanas de Galicia, co que compartir servizos (sanidade, transporte, etc)

### ORGANIZACIÓN DO MAR

- Control rigoroso de vertidos ás rías galegas e redución das emisións coa implantación de depuradoras (EDAR) en todos os concellos e comarcas que verten ao mar e ós ríos.
- Peche dos portos galegos como zonas profesionais que son para evitar accidentes e roubos nas embarcacións e instalacións, tendo en conta as posibilidades reais de cada un deles pero garantindo as medidas de seguridade e vixilancia precisos neles.
- Medidas de control que eviten a fraude laboral dos traballadores do Mar, consensuado polos axentes implicados no propio sector.
- Velar pola seguridade e a formación no Mar de forma activa para evitar e diminuír os accidentes laborais deste sector.
- Apoiar a creación dos Estibadores de Galicia para normalizar e homoxeneizar a estiba nos portos comerciais e de descarga de tónidos.

# Bases fundacionais do Partido Galego

- Crear o Servizo de Salvamento Marítimo Galego como competencia propia dotando dos recursos e medios necesarios para afrontar os rescates e contención de vertidos nos sinistros e naufraxios marítimos.
- O mar como autopista de mercancía América-Europa. Punto escala Galicia.
- O mar como espazo e plataforma de enerxía renovable, eólica e mareomotriz.

## TRANSICIÓN ECOLÓXICA e DIXITAL: ECOLOXÍA SOCIAL

- Situar Galicia como referencia a nivel político, social e tecnolóxico no proceso de transición ecolóxica e dixital, un reto necesario a implicarse, no que a humanidade verase inmersa nas seguintes décadas.
- Política azul para a Galicia Verde - Auga é un ben público que debe protexerse e usarse de forma sostible, tanto en cantidade como en calidade. O obxectivo é **prever e reducir a contaminación, fomentar un uso sostible da auga**, protexer o medio acuático, mellorar a situación dos **ecosistemas acuáticos** e paliar os efectos das **inundacións e as secas**.
- Fomentar conciencia ecolóxica, xestión de residuos e a biodiversidade.
- Erradicar e controlar **especies invasoras (todo tipo de pragas)**.
- Protección e benestar animal dende o raciocinio e sen supremacismos.
- Promover o uso de enerxías renovables pero garantindo que se faga dunha forma organizada e racional, garantindo sempre un retorno para o noso pobo.

## ECONOMÍA: GALICIA COMO TAREFA

### Ideas forza:

- Unha nova economía por reconstruír despois da deriva da última década.
- Políticas de reconversión e reconstrución produtiva, e trazar unha Galicia potente, gañadora, facilitadora, en base aos seus sectores produtivos, aos recursos naturais, ao potencial humano cualificado e potencialmente competitivo a nivel mundial e derivados da situación estratéxica no concerto continental.
- Dinamización da colaboración público-privada
- Dinamización do tecido empresarial, autónomos e PeMEs
- Estado como axente favorecedor e regulador para a dinamización económica

### Medidas:

- Apoio aos proxectos empresariais innovadores e responsábeis
  - Redución burocracia
    - Crear nos centros das cidades puntos de atención única dependentes do IGAPE pra darlle información a autónomos e PeMEs sobre trámites e financiamento.
  - Ferramentas de apoio financeiro
    - Aumentar a capacidade do IGAPE pra avalar directamente a autónomos e PeMEs ante entidades financeiras.
    - Creación por parte de IGAPE de fondos de investimento especializados por sector pra atraer aforro privado.
  - Impulsos no arranque.
    - Axudas á dixitalización a novos proxectos empresariais de PeMEs e autónomos
    - Cubrir custos SS no primeiro/segundo ano de PeMEs e autónomos.
- Creación de órganos de participación sectorial no que se manteñan reunións periódicas directas coas principais asociacións, patronais e sindicatos de representación galego para a elaboración de plans estratéxicos nos sectores económicos con máis peso en Galicia.
- Retorno da mocidade emigrada e as diferentes xeracións espalladas polo mundo.
  - Estímulos a aquelas empresas que contraten mozos/as galegos/as procedentes da emigración.
  - Estímulos a aqueles mozos/as galegos/as procedentes da emigración que decidan montar un negocio en Galicia.
  - Dende a Secretaría de Emigración crear un servizo pra facilitar a procura de vivenda a aqueles mozos/as galegos/as retornados da emigración. Este servizo terá en conta un estado progresivo dando comezo a

# Bases fundacionais do Partido Galego

xeración actual de emigrados, e impulsar a través de programas de asentamento poboacional, priorizando os centos de aldeas abandonadas.

## ECONOMÍA: POLÍTICAS REGULADORAS NO MARCO EUROPEO.

**Potenciar o propio, procurar a autosuficiencia e garantir o benestar.**

- Supeditar a economía ao individuo, non o individuo á economía.
- Armonizar as políticas a nivel fiscal, social, etc no contexto europeo.
- Impulsar políticas que eviten a fuxida de empresas estratéxicas.
- Potenciar a sociedade de investimento SODIGA.
- A regulación dos considerados paraísos fiscais, que reforcen a economía europea.
- Filosofía de pago, País de produción, País de recadación.
- Exención do IBI da primeira vivenda (en residencia).
- Recursos enerxéticos europeos con centro de decisión en Europa.
- Políticas que eviten a venda de empresas e industria estratéxicas a foráneos.
- Potenciación da política agraria común baseada na autosuficiencia alimentaria.
- Políticas LABORAIS E EMPRESARIAIS garantistas, corresponsables e interactivas.
- Políticas MIGRATORIAS a nivel europeo, no marco da legalidade e necesidade laboral.
- Cultura económica da NON DEPENDENCIA.
- Evitar que se propague o diñeiro diñeiro dixital non regulado (Bitcoin, Gridcoin, etc)
- Esfuerzo fiscal progresivo maior a maior beneficio.
- Prioridade da subsistencia (nos catro piares xa expostos)
- A globalización (feito intrínseco a especie humana sobre o planeta) será tido en conta en función do ámbito globalizador (Galicia, estado, UE ou mundial) dos sectores afectados e das consecuencias que poidan prexudicar ou beneficiar ao noso sistema de benestar social. A maior economía global, maior xestión e coordinación daqueles resortes estratéxicos que condicionen a produción e riquezas europeas, buscando os mecanismos correctores onde as propias fontes externas que inxiran negativamente no ámbito europeo corrixan a través de carga fiscal o desequilibrio do benestar xerado, recuperando deste xeito para a sociedade europea os 5 piares do benestar (educación, sanidade, s. sociais, pensións e renda básica)

## BENESTAR, EDUCACIÓN, SAÚDE É SEGURIDADE

- Blindaxe dos servizos universais e de calidade, fomentando melloras no seu financiamento e eficiencia. **Sistema educativo, sanidade, servizos sociais, renda básica para persoas desempregadas a nivel europeo e sistema de pensións público.**
- Asegurar atención á terceira idade, a dependencia e a dispersión poboacional característica de Galicia
- Activar novas leis que velen pola **igualdade no sentido estrito**, evitando calquera discriminación.
- Rematar coa multiplicidade de órganos no ámbito das emerxencias en Galicia, englobando e unificando os servizos de bombeiros, extinción forestal, GES e 061 nun único de xestión directa pública.
- Posto de Mando Único e Coordinado cos profesionais dos ámbitos da seguridade, emerxencias, transporte sanitario e salvamento marítimo na AXEGA-112.

## Galicia. CÉLULA DE UNIVERSALIDADE

- Proxección Galicia coma un pobo diferenciado e aberto no concurso das nacións
- Cooperación e solidariedade
- Políticas de acollemento e ao tempo de máxima protección do noso. Referencia nos niveis de desenvolvemento de Suíza.
- Pensamento global elaborando políticas globais, para a valoración do propio con actuacións locais



# Bases fundacionais do Partido Galego

## IDEAS TRONCAIS

Ideas que nos diferenza e identifica fronte ás outras alternativas políticas.

- **GALEGUISMO. Conceptos xerais.**

- Somos galeguistas porque si, porque nos ven de dentro, porque sentimos o País, porque cremos no noso, porque (palabras de Castelao) sendo galegos non podemos ser máis que galeguistas.
- Practicamos o galeguismo na fala, na convivencia veciñal, na retranca e nas mil cousas que nos identifican como pobo, pero sobre todo na coherencia da vida persoal diaria.
- Desenvolvemos iniciativas políticas que recollan solucións aos problemas da nosa sociedade, sempre dende a óptica galeguista, e sobre todo debemos esforzarnos en trasladar mediaticamente o sentimento de País.

- **GALEGUISMO (bis). No medio URBANO.**

En boa medida, a esencia dunha persoa é o legado aportado pola súa familia, a súa contorna, a súa educación e todo aquel conxunto de estímulos externos que inflúen no seu modo de relacionarse e comportarse. É nese contexto no que as persoas forxan o seu carácter e no que en boa medida, conceptos como a autorrealización, a dignidade e a confianza nun mesmo toman sentido e adquiren significado.

É onde o sentimento de pertenza a un pobo, a unha cultura, a un xeito de ser e de comportarse torna nun xeito de entender a vida e por ende de cómo vivila. O galeguismo entróncase pois no xeito en que os galegos entendemos e vivimos a nosa vida, o que nunca foi nin é, un sentimento de superioridade sobre outros pobos, senón de igualdade e autoproclamación e de autorreafirmación dunha identidade propia que ten a súa cultura (idioma, patrimonio, arquitectura, cociña, música...), a súa contorna xeográfica, a súa propia paisaxe e a súa propia climatoloxía... Todos estes factores levan consigo a unha diferenciación que non é un elemento de resta senón de suma, de enriquecemento nun ámbito supranacional como é o conxunto de España, de Europa ou de mundo. Unicamente cunha visión miope da realidade a riqueza dos pobos pode ser vista como unha ameaza. Soamente dende espúreos desexos e escuros obxectivos a aniquilación, depredación e negación de valores sociais e persoais ten cabida nun mundo máis plural e aberto do que foi nunca. Este é o senso da globalización, a apertura das sociedades, dos pobos e o valor engadido que supón a interrelación que as novas tecnoloxías e medios de transporte facilitan, non a redución ao mínimo común múltiplo das expresións culturais e identitarias dos pobos.

Neste contexto, España fracasa cando pretende reducir para avanzar, restar para prosperar ou negar para perdurar. España, como conxunto heteroxéneo de pobos debera ter como obxectivo a súa defensa, a difusión dos seus valores e das súas riquezas e a preservación das diferenzas culturais como parte indeleble da súa propia.

Así, neste continuo proceso de negación, escarnio e atropelo das culturas periféricas do Estado Español, a cultura galega e o sentimento de pertenza ao país galego, sufriron e están a sufrir un auténtico xenocidio nos contornos máis urbanos. **Onde a presión da “nova globalización”, entendida como que a homoxeneidade é o único motor que permite medrar ás sociedades, cando é máis ben o único motor que permite medrar á grande empresa (que é a que menos valor aporta ao PIB do conxunto do Estado e a que menos empregos xera) e ten precisamente no pensamento libre e diferenciado o seu maior inimigo, fixo das urbes galegas unha mala copia, das grandes urbes do estado, onde a xuventude é privada de entender e por ende de valorar, querer e apreciar o seu legado e o legado do seu pobo.**

As empresas teñen na diferenciación precisamente un dos seus maiores recursos para o seu propio crecemento, ao igual que o temos as persoas, logrando acadar capacidades e aptitudes que nos xeran fortalezas profesionais, o que se traduce no avance da sociedade. A diferenciación é o motor do turismo, o que desata en nós esa gaña de

# Bases fundacionais do Partido Galego

empaparnos, coñecer e explorar lugares distintos, culturas distintas, que nos permiten abrir o noso xeito de pensar e enriquecernos como persoas, ou simplemente cambiar de aires e descansar da nosa rutina.

Precisamente esa diferenciación é o que permitiu á maioría dos concellos máis rurais de Galicia resistir os envites desa globalización mal entendida, e que cada día estase a pór máis en valor como un xeito de vivir e un lugar para traballar, coma un lugar onde criar ás xeracións vindeiras, como un espazo no que retomar a conciencia da persoa pertencendo a un conxunto no que somos alguén e no que importamos... É por elo que **o galeguismo debe retomar os núcleos urbanos, debe axudar ás persoas a ver no seu legado unha grande oportunidade de desenrolo social, económico e cultural, non un elemento negativo e pernicioso cómo é transmitido polos profetas da homoxeneidade.**

Galicia sempre foi galega, unha Galicia non galega, nin o é, nin será.

- **ECOLOXÍA sostible é saúde. SECTORES PRODUTIVOS unha potencia.**
  - Biodiversidade e **regulación do descontrol nas políticas forestais e especies invasoras.**
  - Política azul para a Galicia Verde. Contaminación cero.
  - Benestar animal respectando o equilibrio entre especies.
  - Apoio e mellora en sectores consolidados: pesca, gandería, forestal (madeira e compostaxe naturais), vitivinícola, enerxética, cultural, artesanía, etc
  - Impulsar sectores potenciais: plantas medicinais, aceite, micoloxía, froita, especies autóctonas, lúpulo, mel, etc Comercio de proximidade, comercio ecolóxico, comercio sostible.
  - Equilibrio medioambiental é igual a economía sustentable e rica.
  
- **O RURAL é País.** Facer da nosa dispersión poboacional a solución á galega.
  - Investimento transversal no rural para un **futuro rendible e moderno**
  - Retorno ao rural, o rural fonte de ingresos e calidade de vida.
  - Supresión do feísmo, turismo vinculado ao medio, a propia dinámica vital no rural, máis alá dos potenciais coñecidos como reclamos naturais.
  - Potenciar a cobertura do 100% do territorio galego coa banda ancha, na nova transición dixital.

# Bases fundacionais do Partido Galego

## RELACIÓNS INTERNACIONAIS

- O Partido Galego, deseñado para acadar cotas de goberno, debe tecer as correspondentes relacións políticas a nivel internacional.
- O feito de estarmos nun Estado compartindo situación política similar a outras nacións e a un continente Europeo que é o espazo no que acreditamos para políticas continentais e inclusive de ámbito mundial, esixe que **nos dous espazos teñamos “socios”** organizacións políticas coas que compartir a mesma sintonía política e que en determinadas ou en moitas ocasións nos apoiemos mutuamente para intereses similares.
- Unha realidade xa se está dando nas Eleccións ao Parlamento Europeo a través das continuas **coalicións electorais**. Estas citas electorais son unha oportunidade para que o País estea representado a través das mesmas con diferentes actores noutras partes do Estado, esta será tarefa indubidable para o PG.
- Necesario desenvolver un **programa de traballo** rigoroso tanto no eido de protocolo, como no de elaboración de propostas políticas, así como de actos conxuntos, todo elo ben documentado, con transparencia, con fiabilidade económica, etc.

## ESTRATEGIA de MARKETING e COMUNICACIÓN

Debemos partir que marketing e comunicación son termos diferentes, pero os dous son compatibles e necesarios para afrontar o conxunto da estratexia de partido.

O marketing que é un termo máis recente ten moita importancia por atender diferentes aspectos do conxunto do traballo comunicativo e que sinteticamente efectivizan os resultados.

A comunicación, e os medios no seu conxunto, entre públicos e privados compoñen o coñecido como **cuarto poder**. En si mesmo xa demostra a importancia política que significa, dado a altísima capacidade de incidir na opinión pública.

Recentemente apareceu coa internet o considerado **quinto poder**, con máis posibilidades de organización social en [rede](#), en especial a [Blogosfera](#), as [Wikis](#) e todo o denominado [Web 2.0](#), un ámbito considerado mais democrático que o anterior, polas posibilidades de estar máis ao servizo da sociedade e sobre todo de ser esta a que manexa unha boa parte dos fíos.

Resulta obvio que o ámbito de comunicación é estratéxico para acadar os obxectivos que nos marcamos como organización política. En base a isto, estrutúrase unha planificación en diferentes temáticas de uso técnico e interno.

# Bases fundacionais do Partido Galego

## 2.- PIAR ORGÁNICO

### ESTRUTURA GOBERNATIVA


- O **liderado político** debe ser exercido integramente dende a óptica de un servizo ao partido e a sociedade. O liderado gáñase na acción política do día a día, non é un título que se consegue polo feito de estar nun posto. O liderado exerceuse con intelixencia e consenso, e debe ser visto pola afiliación e sociedade con admiración. O liderado endexamais será exercido con imposición nin mantido con palmereo, todo o contrario será practicado con humildade e empatía. O liderado debe conseguir que as persoas as que serve ese liderado se sintan partícipes e ilusionadas co proxecto. O liderado se nalgún momento non cumpre o anteriormente enunciado debe someter a consideración do seu entorno a súa renuncia inapelable.
- Un partido debe ter perfectamente delimitados os **órganos de gobernanza**, as áreas nas que ten potestade e o tempo que lle corresponde exercela. Os órganos deben ser sempre **colexiados**, e en ningún caso debe haber postos de representación que actúen como se de órganos se tratase, cousa diferente é a definición clara das responsabilidades vinculadas a cada un. As responsabilidades políticas deben estar ben definidas por persoas, proxectos, recursos e prazos.
- A estrutura debe considerarse adecuada aos tempos, as necesidades e as dimensións no que respecta a masa de militancia e simpatizantes. Mesmo a estrutura está **preparada para albergar a milleiros de persoas** como é o noso obxectivo actual deste novo proxecto.
- Pártese do mandato sempre dun CONGRESO, que elixe e da poderes a un CONSELLO NACIONAL (CN) e de forma simultánea a unha SECRETARÍA XERAL (S.X.) e unha PRESIDENCIA.
- A partir de aquí, dos compoñentes do CN a S.X. formula unha proposta ao propio Congreso e se este o aproba queda definida a composición **en número** da COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL (CEN). O reparto de responsabilidades pode formulalas a SX, pero debe ser o CN quen as aprobe, rexeite ou rectifique.
- Dotarse da figura de COORDINACIÓN TERRITORIAL (CT) por elección entre a afiliación, posterior a celebración do Congreso, e as persoas electas unha por territorio (provincia), pasan a formar parte da CEN. En principio e dado que o cometido principal é a expansión do Partido polo respectivo territorio parece de interese a súa permanencia. Para evitar dúbidas ou incluso posible confusión, este órgano existirá so ate a disposición de cando menos dúas agrupacións por comarca, o que nos permitiría constituír formalmente todas as Comarcas e ter consolidado a implantación xa na última fase de estar en todas as comarcas Galegas. Ese é o momento que deixaremos de dispoñer de órganos provinciais.
- Logo están as SECRETARÍAS LOCAIS (SL) daquelas Agrupacións constituídas e onde hai un número determinado de Agrupacións por comarca, entón pode elixirse unha COORDINACIÓN COMARCAL (CC). Tanto as SL, como as CC pasan dende o momento da súa elección a formar parte do máximo órgano entre congresos que é o CN.
- Non se presentará ningunha candidatura municipal onde non exista Agrupación Local previamente constituída e representada no CN. As alcaldías e concellarías electas deberán permanecer como afiliados en canto ocupen eses postos de representación pública para os que foron electas baixo as siglas do partido.

# Bases fundacionais do Partido Galego

Existirá sempre 1 representante por concello onde haxa representación na corporación municipal e este formaran parte do CN.

## ORGANIGRAMA ÓRGANOS de GOBERNANZA

A gobernanza, é un concepto político de valor positivo, pois apela ao bo entendemento político na arte de gobernar. A un goberno baseado na interrelación equilibrada entre o goberno, a sociedade civil e o mercado, para un desenvolvemento económico, social e institucional estable. Para unha boa gobernanza, é bo promover a participación veciñal a través das entidades asociativas ou consellos parroquiais que representen a todas esas entidades da mesma parroquia e a disposición da figura de alcalde de barrio por cada aldea, lugar ou barrio.



# Bases fundacionais do Partido Galego

## RELACIÓN COA AFILIACIÓN

- Proximidade
- Claridade
- Sinceridade e honestidade
- Empatía e sensibilidade con orientación 100% a escoitar aporte de ideas
- Participada e de co\_responsabilidade
- Asesoramento reactivo, funcional e eficaz baseado en dúbidas
- Construtiva e de retorno mutuo
- Formación e información continuas.

## 3.- PIAR ECONÓMICO

### ESTUDO DE NECESIDADES ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

- O Partido Galego, terá como filosofía no funcionamento ordinario, o de unha empresa. Entendemos que tanto a forma de xestionarse a nivel profesional internamente, así como a propia vinculación coas administracións de facenda, SS, a xestión de facturación, de seguros, nóminas, investimentos, campañas, etc fan inevitable que a xestión técnico mercantil pase por un formato empresarial.
- As finanzas deberán estar reguladas necesariamente polo **Regulamento de Xestión e Finanzas**.
- A garantía de boa xestión económica reside nas **normas de autocontrol internas**, na transparencia de cara a afiliación do propio partido, e na escrupulosa xestión económica tanto propia como con terceiros.
- Buscarase sempre a **autosuficiencia financeira**, evitando en todo momento as operacións de crédito agás en campañas electorais utilizando as máximas garantías de retorno. Este formato garantizará a realización de política non supeditada a oligarquías, a realización de política real honesta e limpa, de vocación e paixón, dende e para o País, sendo conscientes que o País somos todos, o mundo empresarial, o laboral, o profesional, etc .

2020/12/12

\*\*\*\*\*